

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

##### Persoal

Lista definitiva persoas admitidas/excluídas, tribunal, lugar e data, proceso selectivo (concurso), praza de persoal laboral fixo de administrativo/a, asimilado Subgrupo C1 (OEP-E 2022). Estabilización do emprego temporal

##### ANUNCIO

Expediente núm.: 2022/E001/000043

Mediante o Decreto 17/2024, do 8 de xaneiro, do concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, aprobouse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, a composición do tribunal e a determinación do lugar, día e hora do comezo do proceso selectivo para a cobertura de dunha (1) praza de persoal laboral fixo de administrativo/a, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello das Pontes de García Rodríguez do ano 2022 (OEP-E 2022), para a estabilización do emprego temporal.

Neste decreto resolveuse o seguinte:

“1º) Aprobar a relación definitiva de persoas admitidas ou excluídas no proceso selectivo para a cobertura dunha (1) praza de administrativo/a, pertencente ao grupo de clasificación profesional persoal laboral asimilado a Subgrupo C1, incluída na oferta de emprego público extraordinaria desta entidade local do ano 2022 (OEP-E 2022), publicada no BOP núm. 97, do 24/05/2022:

##### a) Persoas aspirantes admitidas:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 4 OU EQUIVALENTE	OBSERVACIÓNS (Non excluíntes)
1	Pérez Martínez, María Guadalupe	***1029**	Si	- O certificado de servizos prestados aportado non acredita a totalidade do período alegado na relación de méritos (Anexo I)
2	Rivera Piñeiro, Margarita	***9090**	Si	
3	Viñas Mayo, Rubén	***9158**	Si	- Aporta documentación acreditativa de experiencia profesional e de cursos de formación que non indica na relación de méritos (Anexo I)

As persoas aspirantes en posesión do Celga 4 (ou equivalente), están exentas de realizar a proba de galego a que se refire a base sétima das bases específicas do proceso selectivo.

##### b) Persoas aspirantes excluídas:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 4 OU EQUIVALENTE	MOTIVO DE EXCLUSIÓN	OBSERVACIÓNS (Non excluíntes)
1	de Jesús Alonso Rodríguez, Mónica	***0814**	Sí	1, 2, 3, 4	
2	Prieto Cabarcos, Ana	***3721**	Si	2, 4, 5, 6	
3	Rodríguez Cabañas, Miguel	***3652**	Si	1, 2, 4, 5	

##### CAUSAS DE EXCLUSIÓN:

- (1) A solicitude non se presenta na sede electrónica do Concello das Pontes (base 5.1 das bases da convocatoria)
- (2) Falta a declaración responsable que establece a base 5.2a) das bases da convocatoria
- (3) O título académico presentado está incompleto: falta reverso
- (4) Non presenta a relación de méritos conforme ao modelo do Anexo I das bases da convocatoria
- (5) Falta o xustificante de pagamento das taxas segundo a base 4.3 das bases específicas da convocatoria
- (6) Non especifica a praza para a que presenta a solicitude: Administrativo/a persoal funcionario de carreira ou Administrativo/a persoal laboral fixo.

2º) O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos de conformidade coas bases da convocatoria, polo que, aínda no caso de se presentaren ao proceso selectivo, e mesmo superalo, se se comproba que non posúen algún dos ditos requisitos decaerán en todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no procedemento.

3º) Designar as seguintes persoas, todas elas persoal funcionario ou laboral fixo deste concello, para integrar o órgano de selección na condición que en cada caso se indica:

– Presidencia:

Titular: José Sanjurjo Paz, funcionario de administración especial (subgrupo A2)

Suplente: Carlos A. Domínguez Adegá, funcionario de administración especial (subgrupo A1)

– Vogalías:

1.ª):

Titular: Julia Guerreiro Rodríguez, técnica de xestión tributaria (subgrupo A2)

Suplente: Marina Seco Paz, administrativa (subgrupo C1)

2.ª):

Titular: Carlos Teijeiro Paz, recadador (subgrupo C1)

Suplente: José Manuel Cabarcos Anca, técnico de administración xeral (subgrupo A1)

3.ª):

Titular: Guadalupe Rouco Alonso, administrativa (subgrupo C1)

Suplente: Ana Isabel Caaveiro Franco, administrativa (subgrupo C1)

– Secretaría:

Titular: Sandra López Rodríguez, administrativa (subgrupo C1)

Suplente: Susana Bellas Bermúdez, técnica de cultura (subgrupo A2)

4º) Fixar lugar, día e hora de constitución do tribunal e de realización da fase de concurso, nos seguintes termos:

a) Día: 24/01/2024

b) Lugar: Salón de sesións da Casa do Concello

c) Constitución do tribunal: 11:30 horas

d) Valoración da fase de concurso: 11:45 horas

e) Convocar ás persoas integrantes do órgano de selección para a constitución do dito órgano no lugar, data e hora sinalados

5º) Publicar a presente resolución Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (BOP), no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico) e na páxina web municipal, tal e como dispoñen as bases da convocatoria.

6º) Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante a concellaría delegada competente, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, de acordo coa Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estimen oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.”

As Pontes de García Rodríguez, 10 de xaneiro de 2024

O concelleiro-delegado de Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos

Antonio Alonso Román

2024/153